

## QUE SEI...DEMOSTRO O QUE APRINDÍN NO TEMA.

Maktub viaxou por España e observou que nunhas zonas viven moitas persoas e noutras, poucas. Iria coméntalle que é certo, nunhas provincias a densidade de poboación é moi alta e noutras, baixa.

- **Explícalle a Maktub como se calcula a densidade de poboación.....**
- **Onde están as provincias moi poboadas de España?.....**
- **E as pouco poboadas? .....**

Xián explícalle a Maktub que moitas persoas viñeron vivir a España, é dicir, que son inmigrantes. El está un pouco confuso porque cando saíu do seu país dixéronlle que era un emigrante. Acláralle estes conceptos.

- **Inmigrantes son.....**
- **Emigrantes son .....**

Hoxe xa é o terceiro día de Maktub no colexio. Explícanos que no seu país de orixe case todo o mundo traballa na agricultura e na gandaría

- **A que sector pertencen eses traballos?.....**
- **Que obteñen os traballos deste sector? .....**
- **Que outros traballos inclúe ese sector? .....**
- **Que sector transforma as materias primas en produtos elaborados?.....**
- **Pon tres exemplos de traballos deste sector.....**

Maktub converteuse nun amigo para toda a clase. Xa sabemos moitas cousas de Maktub e da súa familia. Por exemplo, sabemos que o seu pai é piloto. A nosa profesora fixónos unhas preguntas sobre ese traballo.

- **A que sector pertence esa profesión?.....**
- **Di o nome de cinco traballos que pertencen a ese sector.....**
- **Por que ese sector é moi importante en España? .....**